



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 23 DE MARZO DE 2020

1.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

- Aprobación do programa para a adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos por persoas en situación de vulnerabilidade social.
- axuste das zonas de funcionamento da ORA. Levántase en todo o termo municipal excepto na contorna da praza de Abastos. As rúas nas que continúa funcionando a ORA son: Virxe da Cerca, Travesía da Universidade, Fonte Seca, Entrepraciñas, praza da Universidade, praza de Mazarelos, arco de Mazarelos e Tras San Fiz de Solovio.
- Orde de continuidade na prestación de diversos contratos: conserxería e limpeza dos centros de educación infantil e primaria, escolas infantís, Escola municipal de Música, Centro Xove de Creación Cultural, lacería e mantemento, vixilancia e limpeza dos campos de fútbol e instalacións deportivas.

2.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais:

- Gastos derivados da subministración de gas e gasóleo en edificios e instalacións municipais durante os meses de xaneiro e febreiro de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 2.813,35 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento de copiadoras instaladas en edificios e instalacións municipais durante os meses de xaneiro e febreiro de 2020 e aprobación da indemnización substitutiva en favor de varios provedores por importe de 2.353,47 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento de ascensores en edificios e instalacións municipais durante os meses de febreiro de 2020 e aprobación da indemnización substitutiva en favor de varios provedores por importe de 6.396,37 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento e reparación de edificios e instalacións municipais durante o mes de febreiro de 2020 e aprobación da indemnización substitutiva en favor de varios provedores por importe de 7.698,83 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento de sistemas de seguridade en edificios e instalacións municipais durante o mes de febreiro de 2020 e aprobación da indemnización substitutiva en favor de varios provedores por importe de 336,39 euros.
- Gastos derivados en concepto de servizo de limpeza en edificios e instalacións municipais durante o mes de febreiro de 2020 e aprobación da indemnización substitutiva en favor de ISS FACILITY SERVICE SA por importe de 87.457,88 euros.
- Gastos do servizo postal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2019 e o 19 de febreiro de 2020 e aprobación da indemnización substitutiva en favor de SOCIEDAD ESTATAL CORREO Y TELÉGRAFOS SA, por importe de 74.115,86 euros.
- Gastos de subministración de enerxía eléctrica (iluminación pública, dependencias, instalacións deportivas, ceips e escolas infantís) a favor da empresa NATURGY IBERIA SA por importe de 440.124,30 euros

3.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa á adxudicación do contrato de "Subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".

Adxudícase o contrato de referencia a favor da empresa BALIDEA CONSULTING & PROGRAMING SL por un importe de 411.682,11 euros máis IVE.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Centros Socioculturais relativa á solicitude de programa REDE CULTURAL 2020

Apróbase solicitar á Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da convocatoria da programación da Rede Cultural para o ano 2020 por importe de 3.290,21 euros e apróbase unha achega municipal de 7.677,16 euros.